



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Principios de Macroeconomía		Código	611G02005
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Currais Nunes, Luis Claudio		Correo electrónico	luis.currais@udc.es
Profesorado	Bruna Quintas, Fernando		Correo electrónico	f.bruna@udc.es
	Currais Nunes, Luis Claudio			luis.currais@udc.es
	Estevez Mengotti, Carlos Benigno			c.mengotti@udc.es
	Montes Solla, Paulino			paulino.montes.solla@udc.es
	Nieto Mengotti, Manuel Vicente			m.nieto1@udc.es
	Varela Santamaria, Ramon			r.varela@udc.es
	Veiga Fernández, Luís Angel			l.veiga@udc.es
Web				
Descrición xeral	Se trata de ter unha visión do funcionamento dos mercados no marco da Teoría Económica. Se estudiará a metodoloxía económica, basicamente macroeconómica. A análise se desenvolverá empregando modelos matemáticos sinxelos e con apoio gráfico.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non se realizan cambios nos contidos da materia 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen *Metodoloxías docentes que se modifican As clases maxistrais sustitúense por videoconferencias, grabacións en Teams, YouTube ou similar. A solución de problemas farase a distancia có apoio e seguimento dos profesores, podéndose utilizar medios telemáticos como videoconferencias, chats en Teams ou correo electrónico. A proba obxectiva manterase, adaptándoa á avaliación a distancia. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado A atención personalizada ao alumno ou tutorías levarse a cabo por calquera medio que permita conectar có profesor, xa sexa a través de Moodle, Teams ou correo electrónico, respetando, no posible, os horarios de tutoría. De todos os xeitos, a atención ao alumno adaptarase con flexibilidade ás súas necesidades en horario compatible coa la dispoñibilidade do profesor. 4. Modificacións na avaliación Non se realizarán modificacións nos criterios de avaliación en ningunha das oportunidades. *Observacións de avaliación: Suprímense as notas mínimas para sumar a avaliación continua co examen final. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizarán cambios nas referencias nin no material bibliográfico.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de cómo funciona a economía	A4	B1	C5
	A6	B2	
	A7		
	A8		
Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos. Comunicarse con fluidez no seu contorno el traballar en equipo.	A10	B3	C7
	A11	B4	
	A12		



Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver problemas cos que deben afrontarse.		B5	C1
		B9	C4
		B10	C6
			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1. MACROMAGNITUDES NA CONTABILIDADE NACIONAL	TEMA 1. 1.1.- Macroeconomía e política macroeconómica 1.2.- Produto Nacional Bruto e Produto Nacional Neto 1.3.- Produto Interior Bruto 1.4.- Os problemas de medición da produción nacional 1.5.- Producción nominal e produción real 1.6.- Os índices de prezos 1.7.- Renda Nacional, Renda Persoal, Renda dispoñible 1.8.- O Gasto. Os compoñentes da demanda agregada 1.9. Identidades Macroeconómicas importantes
TEMA 2. A RENDA DE EQUILIBRIO	TEMA 2. 2.1. A produción de equilibrio 2.2. A función de consumo 2.2.1. Factores dos que depende o consumo 2.3. Outras formulacións da función de consumo 2.4. A función de aforro 2.5. A demanda de inversión 2.6. A determinación da renda de equilibrio nun modelo simple 2.7. A determinación da renda de equilibrio nun modelo con sector público 2.8. A estabilidade da renda de equilibrio
TEMA 3. O ESTUDO DO MULTIPLICADOR	TEMA 3. 3.1. Efectos dun desprazamento da función de aforro 3.1.1. Variación da función de aforro 3.1.2. Variación da inversión 3.2. Introdución ó estudo dos multiplicadores 3.2.1. O multiplicador dinámico 3.2.2. O multiplicador con impostos fixos 3.3. O teorema do presuposto equilibrado 3.4. Deducción dos multiplicadores considerando os impostos en función da renda 3.4.1. Impostos crecentes coa renda 3.4.2. Multiplicador dunha variación da taxa impositiva 3.5. O multiplicador nunha economía aberta.
TEMA 4. A DEMANDA DE INVERSIÓN. A CURVA IS	TEMA 4. 4.1. A introdución do tipo de xuro 4.2. A decisión de investir 4.3. A inversión coma un proceso de axuste de capital 4.4. Renda de equilibrio e tipo de xuro. A curva IS 4.4.1. A pendente da curva IS 4.4.2. Os desprazamentos da curva IS



TEMA 5. O MERCADO DO DIÑEIRO	TEMA 5. 5.1. A oferta de diñeiro 5.2. A demanda de diñeiro 5.3. O equilibrio no mercado do diñeiro 5.4. O proceso de expansión do diñeiro bancario 5.5. Renda de equilibrio e tipo de xuro no mercado de activos. A curva LM 5.6. Os puntos á esquerda e á dereita das curvas IS e LM 5.7 A base monetaria 5.7.1. Relación entre a base monetaria e oferta monetaria. O multiplicador monetario 5.8. A demanda de diñeiro transaccional 5.9. Velocidade de circulación do diñeiro e demanda de diñeiro 5.10. A política monetaria e a trampa da liquidez 5.11. Os tipos de xuro do Eurosistema
TEMA 6. A CURVA DE DEMANDA AGREGADA	TEMA 6. 6.1. A curva de demanda agregada 6.1.1. A representación gráfica da curva de demanda agregada 6.1.2. Os desplazamentos da curva de demanda agregada 6.2. Explicación analítica da curva de demanda agregada
TEMA 7. POLÍTICA FISCAL E POLÍTICA MONETARIA	TEMA 7. 7.1. Introducción 7.2. A política fiscal 7.2.1. Un incremento do gasto público 7.2.2. O multiplicador do gasto público 7.2.3. Un cambio da taxa impositiva 7.2.4. O multiplicador dun cambio da taxa impositiva 7.2.5. O multiplicador do presuposto equilibrado 7.2.6. A efectividade da política fiscal 7.3. A política monetaria 7.3.1. Cambios na oferta monetaria 7.3.2. O multiplicador dos cambios da oferta monetaria 7.3.3. A efectividade da política monetaria 7.4. A eficacia e a certidume das políticas fiscal e monetaria 7.5. A interacción da política monetaria e fiscal
TEMA 8. O MERCADO DE TRABALLO E A OFERTA AGREGADA	TEMA 8. 8.1. Os supostos fundamentais do modelo clásico 8.2. As diferencias entre o modelo clásico e o modelo keynesiano 8.3. A función de produción. Productividade total, media e marxinal. 8.4. A demanda de traballo neoclásica. 8.5. A oferta de traballo neoclásica 8.6. O modelo clásico completo 8.7. A oferta agregada na economía clásica. A curva de oferta agregada (SA) 8.8. Resultados da política fiscal no modelo clásico 8.9. Resultados da política monetaria no modelo neoclásico 8.10. Política monetaria con efecto riqueza no modelo clásico. 8.11. As políticas de oferta no modelo clásico

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Sesión maxistral	A8 A10 A11 A12 B1 B2 C5 C6 C7 C8	17	34	51
Proba obxectiva	A7 A8 A10 A11	5	29	34
Solución de problemas	A4 A6 A7 B3 B4 B5 B9 B10 C1 C4	25	25	50
Atención personalizada		15	0	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	As actividades docentes do curso abarcarán clases maxistras, ademais de clases prácticas. Utilizarase a linguaxe oral, a linguaxe matemática e a linguaxe gráfica para a explicación dos diferentes temas do programa docente. Todos os contidos someteranse ás probas obxectivas nas datas establecidas pola Facultade, tanto na primeira, coma na segunda oportunidade, coma na oportunidade adiantada.
Proba obxectiva	Os exames da asignatura se realizarán nas convocatorias oficiais, nas datas establecidas pola Facultade, tanto na primeira, coma na segunda oportunidade, coma na oportunidade adiantada. Esta proba se puntuará entre 0 e 4 puntos, debendo o alumno obter como mínimo 2 puntos para superar dita proba. Esta proba poderá consistir nunha batería de test con resposta múltiple, sendo correcta soamente unha. Os erros restarán puntuación. Algúns dos test poderán consistir na obtención de resultados de problemas, sendo o sistema de avaliación de estes test o mesmo que o dos restantes test. O exame tamén poderá conter temas de desenvolvemento do programa e/ou a proposta de problemas, pois consideramos que o desenvolvemento de contidos con linguaxe literario, gráfico e matemático é adecuado no estudo da Macroeconomía.
Solución de problemas	Na aula se podrán propoñer problemas que os alumnos deberán resolver, así como a realización de traballos. Os problemas e os casos terán estreita relación con cada un dos temas que se explicaron nas sesións maxistras. A medida que se van explicando os temas, poderanse propoñer avaliacións dos temas tratados. Estas avaliacións non serán liberatorias en ningún caso. As puntuacións acadadas polos alumnos formarán parte do 60% asignado á solución de problemas na clase e mais á actividade de clase.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas Sesión maxistral Proba obxectiva	A atención personalizada ó alumno levarase a cabo de forma virtual. Se ben o tempo programado é de 15 horas, o profesor disporá dun maior número de horas para esta labor. Por tanto, a atención personalizada se debe entender como unha labor continua. Nesta actividade de atención personalizada ó alumno se inclúe a acción de tutoría en grupos reducidos, a razón de 4 horas por cada grupo de 15 alumnos. Esta actividade está incluída nas 15 horas de atención personalizada ó alumno que se recolle no apartado 4: Planificación. Alumnos con dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: empregárase a plataforma Moodle, Teams e o correo electrónico como vehículo de comunicación principal para a xestión de contidos, tutorías e a entrega de traballos. Acordarase ao comezo do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación. Terán a mesma obriga de realizaren actividades que o alumnado a tempo completo.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Solución de problemas	A4 A6 A7 B3 B4 B5 B9 B10 C1 C4	O profesor propoñerá ós alumnos actividades que se deben desenvolver ó longo do curso. O profesor utilizará aquelas actividades, como solución de problemas e exposición de resultados, realización de exercicios sobre os contidos, e realización de traballos, que estime máis axeitada para o seguimento do curso. Se valorará a resolución e a exposición dos problemas ou traballos na clase, de forma individual ou en conxunto e mailas solucións dadas ós exercicios propostos. A calificación máxima destas actividades é de 6 puntos. Estas actividades poderanse avaliar tamén a través de cuestionarios que se presentarán periodicamente ós alumnos. O número de cuestionarios no cuadrimestre será de tres. As calificacións que se obteñan nestos cuestionarios se inclúen no 60% reservado a actividade da clase. Para os alumnos que teñan dispensa académica de exención de asistencia ás clases estes cuestionarios poderanse realizar en datas e horarios diferentes dos establecidos para o resto dos alumnos. As puntuacións que se houberan acadado (máximo 6 puntos) non terán en ningún caso carácter liberatorio dos contidos do programa.	60
Proba obxectiva	A7 A8 A10 A11	Esta proba se celebrará nas datas establecidas pola Xunta de Facultade, correspondentes ós exames finais, tanto na primeira oportunidade coma na segunda, coma na oportunidade adiantada de decembro. A nota máxima desta proba será de 4 puntos. Para superar a proba obxectiva o alumno debe acadar como mínimo 2 puntos no examen. O alumno se considerará aprobado na asignatura sempre que a súa nota total, suma da proba obxectiva (sempre que nela se obtiveran polo menos 2 puntos) e dos problemas ou actividades de clase propostas, sexa de 5 ou máis puntos. Esta proba poderá consistir nunha batería de test con respostas múltiples, sendo correcta unha delas. Algúns dos test poderán consistir na obtención de resultados de problemas. Os fallos restarán puntuación. A linguaxe literaria, gráfica e matemática resulta útil para valorar de maneira axeitada os coñecementos adquiridos. Por esta razón, tamén poderá consistir a proba obxectiva en preguntas de desenvolvemento do programa e/ou da realización de problemas. Neste caso, a calificación será tamén dun máximo de 4 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 2 puntos para poderse sumar á puntuación obtida no apartado de actividades.	40

Observacións avaliación



1.-

Sobre a avaliación da segunda oportunidade e oportunidade adiantada

a)

Segunda oportunidade: atendendo ao artigo 18, apartado 5, das Normas de Avaliación, Revisión e Reclamacións das Calificacións dos Esstudos de Grado e Mestrado, a segunda oportunidade deber garantir a posibilidade de superación da materia polo estudante, polo que compre modificar os porcentagem de cualificación respecto da primeira oportunidade. Polo tanto a solución de problemas, pasaría a supoñer un 30% da cualificación e a proba obxectiva un 70%. Na segunda oportunidade conservaranse polo alumno as calificacións acadadas na aviación continua (cunha ponderación de un 30%), pero non a acadada na proba obxectiva.

b)

Oportunidade adiantada: As condicións de avaliación da oportunidades adiamantada (art. 19 das Normas de Avaliación, Revisión e Reclamacións das Calificacións dos Esstudos de Grado e Mestrado Universitario) serán específicas para esta oportunidade. Esta será avaliada por medio de unha proba que representará o 100% da calificación final.

2.-

Sobre mínimos nos criterios de avaliación:

Non

se require unha calificación mínima na parte da avaliación continua. Para a proba obxectiva é necesario obter un 50% da calificación posible para poder superar a materia. Este requisito aplícase tanto á primeira como á segunda oportunidade. No conxunto das dúas partes o alumno deberá obter una puntuación mínima de 5 puntos para superar a materia, pero sempre que na proba obxectiva acade un mínimo do 50% da puntuación da proba.

3.-

Sobre as condicións de realización da avaliación final.

Está

prohibido acceder á aula de examen con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información.

4.- A calificación de non

presentado corresponde cando o alumno só participe nas actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% da calificación final, con independencia da calificación acadada.

Fontes de información

Bibliografía básica

- PATEIRO RODRÍGUEZ, C., L.A. VEIGA, L. VARELA, F. BRUNA (2014). PRINCIPIOS DE MACROECONOMÍA. . REPROGRAFÍA NOROESTE, S.L.
- PATEIRO RODRÍGUEZ, C, M.J. FREIRE, L.A. VEIGA, L. VARELA, F. BRUNA, M. BARREIRO (2015). PRINCIPIOS DE MACROECONOMÍA. LIBRO DE PROBLEMAS, TEST Y EXÁMENES RESUELTOS. REPROGRAFÍA NOROESTE, S.L.
- BLANCHARD, O (2017). MACROECONOMÍA. PEARSON
- MOCHÓN MORCILLO, F. , DE JUAN (2009). INTRODUCCIÓN A LA MACROECONOMÍA. MCGRAW-HILL
- MOCHÓN MORCILLO, F. , DE JUAN (2008). INTRODUCCIÓN A LA MACROECONOMÍA EJERCICIOS. EDESA
- DORNBUSCH, R. Y S. FISCHER (VARIAS EDICIONES). MACROECONOMÍA. MCGRAW-HILL



Bibliografía complementaria	- ESCRIBÁ, F.J. Y OTROS (1995). INTRODUCCIÓN PRÁCTICA A LA ECONOMÍA. MCGRAW HILL - RODRÍGUEZ, J., F. MOCHÓN, Y OTROS (1993). ELEMENTOS Y CUESTIONES DE T. ECONÓMICA. UNED - MOCHÓN, F. Y VICTOR ALBERTO BEKER (2008). ECONOMÍA, PRINCIPIOS Y APLICACIONES. MC-GRAW HILL - MOCHÓN, F. Y J. DÍAZ DE, REBECA (2010). INTRODUCCIÓN A LA MACROECONOMÍA. EJERCICIOS. EDICIONES ACADÉMICAS - KRUGMAN, P. WELLS, R. y K. GRADDY (2015). FUNDAMENTOS DE ECONOMÍA . REVERTE - JONES, CHARLES, I. (2009). MACROECONOMÍA. ANTONI BOSCH
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Se recomenda ó alumno un seguimento continuo da asignatura. Se aconsella a asistencia ás sesións magistrais e ás actividades de solución de problemas. Se aconsella ó alumno que resolva cantas dúbidas se lle presenten, ben sexa na aula ou ben sexa na tutoría.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías